

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

1117 *Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro.*

A principal fonte de ingresos do sistema eléctrico que serve para financiar as diferentes partidas de custos son as peaxes de acceso aplicadas aos consumidores finais de electricidade.

Nos últimos anos, a evolución expansiva das partidas de custos do sistema eléctrico veu provocando a aparición de desaxustes entre os ditos custos e os ingresos obtidos a partir dos prezos regulados. Con obxecto de corrixir os desaxustes, durante o ano 2012 adoptáronse unha serie de medidas de carácter urxente que afectaban ambas as partidas.

Entre as medidas adoptadas, a Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e determina que os custos do sistema serán financiados tanto cos ingresos que proceden das peaxes de acceso e demais prezos regulados, como das correspondentes partidas provenientes dos orzamentos xerais do Estado.

Os datos comunicados pola Comisión Nacional de Enerxía no seu informe 35/2012, do 20 de decembro, sobre a proposta de orde pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2013 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, puxo de manifesto a aparición de novas desviacións nas estimacións de custos e ingresos motivadas por distintos factores, tanto para o peche de 2012 como para 2013 que, no contexto económico actual, farían case inviable a cobertura destes con cargo ás peaxes eléctricas e ás partidas previstas provenientes dos orzamentos xerais do Estado.

Estas desviacións débense en gran medida a un maior crecemento do custo do réxime especial por un incremento nas horas de funcionamento superior ás previstas e por un incremento dos valores retributivos pola súa indexación á cotización do Brent, e a unha minoración dos ingresos por peaxes por unha caída da demanda moi acusada que se consolida para este exercicio.

A alternativa que se propón sería un novo incremento das peaxes de acceso que pagan os consumidores eléctricos. Esta medida afectaría de maneira directa as economías domésticas e a competitividade das empresas, ambas nunha delicada situación dada a actual conxuntura económica.

Ante este escenario, para paliar este problema o Goberno considerou a adopción de determinadas medidas urxentes de redución de custos que eviten a asunción dun novo esforzo por parte dos consumidores, contribuíndo a que estes, mediante o consumo e o investimento, poidan colaborar tamén á recuperación económica.

Na normativa deste sector, determinadas metodoloxías de actualización da retribución das diferentes actividades do sector eléctrico están ligadas á evolución do índice de prezos de consumo (IPC), no cal poderían influír as variacións impositivas, especialmente relevantes no pasado ano. Non resulta adecuado que o incremento dun tributo provoque pola súa vez incrementos nas retribucións reguladas do sector eléctrico cuxos custos non están directamente relacionados coa imposición directa sobre o consumo.

Por conseguinte, co fin de utilizar un índice máis estable que non se vexa afectado pola volatilidade dos prezos de alimentos non elaborados nin dos combustibles de uso doméstico, establécese que todas aquelas metodoloxías de actualización de retribucións que se encontren vinculadas ao IPC substitúan este polo índice de prezos de consumo a impostos constantes sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.

Por outro lado, tendo en conta a volatilidade do prezo do mercado de produción, a opción de retribución da enerxía xerada en réxime especial de prima que complementa o dito prezo fai difícil cumprir o dobre obxectivo de garantir unha rendibilidade razoable para estas instalacións e evitar ao mesmo tempo unha sobrerretribución destas, que recaería sobre os demais suxeitos eléctricos. Por isto, cómpre que o réxime económico primado se sustente unicamente na opción de tarifa regulada, sen prexuízo de que os titulares das instalacións poidan vender a súa enerxía libremente no mercado de produción sen percibir prima.

Tendo en conta que tanto a modificación que afecta as metodoloxías de retribución de actividades vinculadas ao IPC como a relativa ás instalacións do réxime especial ten un impacto económico nos custos que deben ser financiados cos ingresos do sistema eléctrico, cómpre que estas medidas se adopten con carácter de urxencia por canto resulta imprescindible para a elaboración do escenario orzamentario anual que incluírá a orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, pola que se aproban as peaxes de acceso ás redes, que se debe aprobar de maneira inmediata para este exercicio.

Así mesmo, estas medidas débense adoptar o antes posible co obxecto de evitar que ao longo do ano 2013 se produzan modificacións nos escenarios de custos previstos, que producirían distorsións sobre as hipóteses tidas en conta na referida orde.

Por todo o expresado anteriormente, na adopción do conxunto de medidas que a seguir se aproban concorren as exigencias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución española do 27 de decembro de 1978. Extraordinaria e urxente necesidade derivada das razóns xa mencionadas de protección aos consumidores nun contexto de crise económica, e garantía da sustentabilidade económica do sistema eléctrico, e cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que a modificación normativa poida ter a eficacia que se pretende.

Por outro lado, de cara á formulación, antes do 31 de marzo deste ano, das contas anuais correspondentes ao exercicio 2012 das entidades aseguradoras que participaron na Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb), abórdase a regulación do investimento das entidades aseguradoras en valores ou dereitos mobiliarios emitidos pola Sareb.

En concreto, desde o punto de vista da cobertura das provisións técnicas, procédese a incluír entre os activos aptos para a cobertura das provisións técnicas das entidades aseguradoras estes activos emitidos pola Sareb, e establécense as normas para a súa valoración e os límites para o seu cómputo prevéndose que, en ningún caso, o importe que se vai computar excederá o 3% das provisións técnicas que se van cubrir.

Pola súa vez, desde o punto de vista do tratamento destes investimentos na marxe de solvencia das entidades aseguradoras, abórdase o tratamento das plusvalías e minusvalías derivadas de activos emitidos pola Sareb na marxe de solvencia, prevéndose que non se computarán con signo positivo as plusvalías non realizadas, contabilizadas ou non, derivadas de activos emitidos pola Sareb e que non se deducirán con signo negativo as minusvalías non realizadas, contabilizadas ou non, derivadas de activos que fosen emitidos pola Sareb.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Economía e Competitividade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Axustes en determinados custos do sector eléctrico

Artigo 1. *Actualizacións de retribucións de actividades do sistema eléctrico vinculadas ao índice de prezos de consumo (IPC).*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, en todas as metodoloxías que, estando vinculadas ao índice de prezos de consumo, rexen a actualización das retribucións, tarifas e primas que perciban os suxeitos do sistema eléctrico por aplicación da normativa sectorial, substituirase o dito índice polo índice de prezos de consumo a impostos constantes sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.

Artigo 2. *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.*

O Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, queda modificado como segue:

Un. Nas táboas 1 e 2 do artigo 35 modifícase o valor da prima de referencia de todos os subgrupos, que pasa a ter un valor de 0 c€/kWh.

Dous. Na táboa 3 do artigo 36 modifícase o valor da prima de referencia de todos os subgrupos, que pasa a ter un valor de 0 c€/kWh, e suprímense os valores dos límites superiores e límites inferiores.

Tres. Modifícanse o título e o número 1 do artigo 38, que queda redactado como segue:

«Artigo 38. *Tarifas para instalacións da categoría b), grupo b.2: enerxía eólica.*

1. Para as instalacións do subgrupo b.2.2 establécese unha tarifa máxima de referencia para os efectos do procedemento de concorrencia que se regule para os outorgamento de reserva de zona para instalacións eólicas no mar territorial cun valor de 14,8557c€/kWh.»

Catro. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Tarifas para instalacións da categoría b), grupo b.3: xeotérmica, das ondas, das mareas, das rochas quentes e secas, oceanográfica, e das correntes mariñas.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 36, para as instalacións do grupo b.3, poderase determinar o dereito á percepción dunha tarifa, específica para cada instalación, durante os primeiros quince anos desde a súa posta en servizo.

O cálculo desta tarifa para cada instalación realizarase a través dos datos obtidos no modelo de solicitude do anexo VIII.»

Cinco. Na táboa 4 do artigo 42 modifícase o valor da prima de referencia de todos os grupos, que pasa a ter un valor de 0 c€/kWh.

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 46, que queda redactado como segue.

«1. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria oitava, as instalacións térmicas de réxime ordinario poderán utilizar como combustible adicional biomasa e/ou biogás dos considerados para os grupos b.6 e b.7 nos termos que figuran no anexo II.

Mediante acordo do Consello de Ministros, logo de consulta coas comunidades autónomas, poderase determinar o dereito á percepción dunha tarifa, específica para cada instalación, durante os primeiros quince anos desde a súa posta en servizo.

O cálculo desta tarifa para cada instalación realizarase a través dos datos obtidos no modelo de solicitude do anexo VI.

A tarifa só se aplicará á parte proporcional de enerxía eléctrica producida atribuíble á biomasa e/ou biogás sobre o total da enerxía producida pola instalación, segundo a enerxía primaria.»

Sete. Modifícase o artigo 47, que queda redactado como segue.

«Artigo 47. *Instalacións que estivesen sometidas ao réxime previsto no Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, polo que se determina a tarifa eléctrica das empresas xestoras do servizo.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá determinar o dereito á percepción dunha tarifa para aquelas instalacións, de potencia igual ou inferior a 10 MW, que no momento da entrada en vigor da referida Lei do sector eléctrico estivesen sometidas ao réxime previsto no Real decreto 1538/1987, do 11 de

decembro, polo que se determina a tarifa eléctrica das empresas xestoras do servizo, cando se realice un investimento suficiente nelas con obxecto de aumentar a capacidade de produción de enerxía eléctrica.

Para isto, o titular da instalación deberá dirixir unha solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, xuntando un proxecto técnico-económico que xustifique as melloras que se van executar e a súa viabilidade. Esta dirección xeral formulará unha proposta de resolución, logo do informe da Comisión Nacional de Enerxía en que outorgue, de ser o caso, o dereito á percepción dunha tarifa e fixe a súa contía.»

Oito. Suprímese o número 3 da disposición transitoria sétima.

Nove. Modifícase o segundo parágrafo da disposición transitoria décima, que queda redactado como segue:

«Estas instalacións estarán inscritas no subgrupo a.1.3 do artigo 2 e o valor da tarifa será 14,6773 cent€/kWh, en lugar da establecida no artigo 35 para estas instalacións, que se percibirá durante un período máximo de 15 anos desde a súa posta en marcha.»

Dez. Modifícase o primeiro parágrafo do anexo VIII, que queda redactado como segue:

«Para a solicitude da tarifa específica por kWh a que se refire o artigo 39, presentábase un anteproxecto que describa de forma exhaustiva a instalación, onde polo menos se desenvolvan os puntos que se citan a seguir.»

Artigo 3. *Elección de opción de venda de enerxía a mercado.*

Aquelas instalacións de réxime especial que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei opten por vender a súa enerxía de acordo coa opción b) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, non se poderán acoller con posterioridade ao cambio de opción previsto no número 4 do artigo 24 do dito real decreto.

Artigo 4. *Instalacións adxudicatarias do concurso de instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica de carácter innovador.*

As instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica adxudicatarias do réxime previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1565/2010, do 19 de novembro, polo que se regulan e modifican determinados aspectos relativos á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, seralles de aplicación a retribución fixada na correspondente resolución da Secretaría de Estado de Enerxía pola que se resolve o procedemento de concorrencia competitiva.

Os valores da prima e os límites superior e inferior aplicables calcularanse a partir dos valores para as instalacións solares termoeléctricas de 50 MW publicados na Orde IET/3586/2011, do 30 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2012 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, reducidos na porcentaxe que se indique na citada resolución, os cales serán actualizados segundo o establecido no artigo 44 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

Así mesmo, a estas instalacións seranlles de aplicación o resto de requisitos e consideracións previstos con carácter xeral para as instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica.

CAPÍTULO II

Modificacións en materia financeira

Artigo 5. *Aplicación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, en relación co réxime de cobertura de provisións técnicas e marxe de solvencia das accións ordinarias e débeda subordinada emitida pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb).*

Para efectos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, os valores ou dereitos mobiliarios emitidos pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria valoraranse polo seu custo ou custo amortizado tal e como se define no Plan de contabilidade de entidades aseguradoras. Estes activos consideraranse aptos para a cobertura de provisións técnicas e non excederán o límite que se computará do 3% das provisións técnicas que se deben cubrir. Para efectos da marxe de solvencia non se computarán as plusvalías ou minusvalías non realizadas, contabilizadas ou non, derivadas destes activos.

Disposición adicional única. *Instalacións de réxime especial acollidas á opción de venda a mercado.*

1. A aquelas instalacións de réxime especial que entre o 1 de xaneiro de 2013 e a data de entrada en vigor do presente real decreto lei vendesen a súa enerxía durante algún período de acordo coa opción b) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, seralles liquidada a prima pola Comisión Nacional de Enerxía, tendo en conta a enerxía producida nese período como se estivesen acollidas á opción de venda da alínea a) do referido artigo.

2. Aquelas instalacións de réxime especial que na data de entrada en vigor do presente real decreto lei estivesen vendendo a súa enerxía de acordo coa opción b) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, pasarán a estar acollidas, de maneira automática e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, á opción de venda da alínea a) do referido artigo, salvo que con anterioridade ao 15 de febreiro de 2013 comuniquen de forma expresa á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o seu desexo de permanecer na referida opción b). De facelo así, quedarán no sucesivo acollidas á dita opción baixo as condicións reguladas neste real decreto lei e, polo tanto, non poderán en ningún caso facer uso ulterior da facultade prevista no número 4 do artigo 24 do aludido real decreto.

O previsto neste punto non será de aplicación ás instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica adxudicatarias do réxime previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1565/2010, do 19 de novembro.

3. As comunicacións de cambio de opción de venda de enerxía, desde a opción a) á opción b) do artigo 24.1 que no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei non se tivesen producido, quedarán sen efecto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. O disposto nos artigos 1 a 4 do presente real decreto lei ten carácter básico ao se ditar ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

2. O disposto no artigo 5 ten carácter básico ao abeiro das competencias que se lle atribúen ao Estado polo artigo 149.1.11.^a, relativo ás bases da ordenación do crédito, banca e seguros.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse o Goberno e os titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo, e de Economía e Competitividade, para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As modificacións que, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, se poidan realizar respecto das normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderanse efectuar por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY